



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 02 DE AGOSTO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00036493G.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 19 de xullo de 2021.
- Ordinaria de data 26 de xullo de 2021.
- Extraordinaria e urxente de 26 de xullo de 2021.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/159/2020.

Licenza de obra nova para lavadoiro na Rúa Brúa, 29.

Acórdase:

Primeiro: CONCEDER a ARINES OBRAS E PROXECTOS, S.L licenza de OBRA NOVA para cubrición de lavadoiro para a actividade de apoio ás actividades agrícolas e forestais na RUA DA BRÚA, 29, achegando Proxecto co visado do COITI de Ourense de data 15/04/2020 e anexos con data de rexistro de 09/09/2020 e 26/11/2020, cun orzamento de execución material de 35.465,61 €.

As actuacións consistirán na edificación dun espazo exterior de lavado cunha superficie de ocupación de 309 m² e altura de 6,95 metros para dedicar á actividade de lavadoiro en apoio de actividades agrícolas e forestais.

A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 16 de solo rústico de especial protección agropecuaria.

3. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00006156F.

Segregación e concesión demanial sobre a parcela CSIEB do EQ-2 A Sionlla.

Acórdase:

Primeiro : Segregar da parcela EQ- 02 do proxecto sectorial do Parque Empresarial de A Sionlla de Santiago de Compostela, finca rexistral 58245 do Rexistro da Propiedade núm 1, da Sección 1 desta cidade, de superficie 41.841 metros cadrados destinada a Equipamento a seguinte parcela para a súa posterior concesión demanial a favor de SIONLLA BIOTECH, S.L. URBANA – PARCELA CSIEB :- Parcela denominada CSIEB no Estudo de Detalle da parcela EQ- 02 do proxecto sectorial do Parque Empresarial de A Sionlla de Santiago de ompostela, resultante da segregación desa parcela EQ-02 . Ten forma de triángulo obtusángulo redondeado no vértice sur. Destinada a uso equipamento e de natureza demanial (ben de dominio publico). De dez mil dous centos trinta e tres (10.233) metros cadrados de superficie

e tres mil (3000) metros cadrados de edificabilidade máxima. Ordenanza de aplicación 5 Zonas de Equipamento Comunitario do citado Proxecto Sectorial e Estudo de Detalle da parcela EQ-02. Valor catastral da finca segregada : 90.943,61 euros.

Segundo : Declarar que a resultas da segregación necesaria para a concesión do uso privativo, a finca matriz EQ-02 queda coa seguinte descrición :

“URBANA – PARCELA RESTO DE PARCELA EQ-2: Resto da parcela de resultado denominada EQ- 02 do proxecto sectorial do “ Parque Empresarial de A Sionlla de Santiago de Compostela” nesta cidade de Santiago, destinada a uso Equipamento, de natureza demanial (ben de dominio publico) De trinta un mil seis centos oito (31.608) metros de superficie e uns 17000 metros cadrados de edificabilidade máxima. Ordenanza de aplicación 5, Zonas de Equipamento Comunitario do citado proxecto e Estudo de Detalle aplicable. .

Valor catastral da matriz tras a segregación : 280.910 euros.

Terceiro: Outorgar a SIONLLA BIOTECH, S.L. por un prazo de 25 anos prorrogables por mutuo acordo previa solicitude , unha concesión demanial sobre a Parcela denominada CSIEB no Estudo de Detalle da parcela EQ- 02 do proxecto sectorial do Parque Empresarial de A Sionlla de Santiago de Compostela, descrita no resollo primeiro para que se destine á construción e posta en funcionamento do Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas nas condicións que rexen a convocatoria a subvención do IGAPE e o definido na candidatura presentada (Expediente IG264.2020.1.3) con suxeición ás seguintes

normas (CLÁUSULAS 1 á 10) e que abranguen distintos aspectos: (cláusula primeira), contido, (cláusula segunda), identificación e estado do inmovible, (cláusula terceira), contraprestación, aceptación e formalización, (cláusula cuarta), limitacións, (cláusula quinta), prazo , (cláusula sexta), obrigas que asume SIONLLA BIOTECH, S.L. na súa cualidade de concesionario , (cláusula sétima), fiscalización da actividade, (cláusula oitava), condicións; , (cláusula novena), extinción e , (cláusula décima), normativa aplicable.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032042S.

Ampliar o prazo de execución das obras “Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa dos Concheiros”.

Acórdase ampliar o prazo de execución das obras “Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa dos Concheiros” por un período de 25 días hábiles, con causa nas incidencias non imputables á empresa contratista relativas a aparición de rocha e as redes de saneamento, polo que a nova data de finalización dos traballos será o 12 de novembro de 2021.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/39/2020 CORRECCION ERROS.

Corrección erros materiais en acordos da Xunta de Goberno: acordo núm 12 da sesión ordinaria de data 3-maio-2021, e acordo núm 5 da sesión ordinaria de data 26- xullo-2021.

Acórdase:

Primeiro. Proceder á subsanación do erro advertido no acordo número 12 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 3 de maio de 2021, de xeito que:

Onde pon: “á aplicación orzamentaria 040 15321 6090000 /2020 2 APARC 11.”

Debe poñer: “á aplicación orzamentaria 040 15321 6090002 /2020 4 RLTOU 62 4.”

Segundo. Proceder á subsanación do erro advertido no acordo número 5 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 26 de xullo de 2021 de xeito que:

Onde pon:

“Proceder á subsanación do erro advertido no acordo número 12 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 3 de maio de 2021, de xeito que:

Onde di. O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 61900 00 – 2020 4 RLTOU 62 3 “. Debe decir: O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 61900002 – 2020 4 RLTOU 62 3 “”

Debe poñer:

“Proceder á subsanación do erro advertido no acordo número 12 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 3 de maio de 2021, de xeito que:

“Onde di: “Primeiro: Aprobar o gasto necesario para o financiamento deste contrato por importe de 449.818,40 euros con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6090000 /2020 2 APARC 11.

Segundo: “.....

O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 6090000 /2020 2 APARC 11

Debe decir: “Primeiro: Aprobar o gasto necesario para o financiamento deste contrato por importe de 449.818,40 euros con cargo á aplicación 040 15321 6090002 /2020 4 RLTOU 62 4.

Segundo: “.....

“O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 6090002 /2020 4 RLTOU 62 4 “”

6. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: Aboamento gastos defensa letrada.

Aboamento de gastos de defensa letrada e representación da funcionaria municipal.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTE NOVE MIL SETECENTOS SESENTA E SEIS EUROS (29.766,00 €), segundo factura que se achega no expediente, en concepto minuta de honorarios pola defensa de funcionaria municipal no procedemento de dilixencias previas nº 338/2014, tramitadas ante o Xulgado de Instrución nº 1 de Lugo, e inhibidas ao Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, baixa as dilixencias previas nº 476/2020.

7. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018415G.

Aprobación da proposta de nomeamento do Xurado do Premio Realía de tradución 2021.

Acórdase:

1. Nomear como membros do xurado do Premio Realía de tradución ás seguintes persoas:

María Isabel Soto López

Xosé Bieito Legaspi Villamarín

Estela Villar Nogueira

2. Designar como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da concellería de Acción Cultural.

8. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021129G.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual (ASPAS)- para o PROGRAMA DE RESPIRO E/OU EMERXENCIA FAMILIAR, ano 2021.

Dáse conta a Xunta de Goberno Local da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago- para o PROGRAMA PARA GARANTIR AS NECESIDADES DE MANUTENCIÓN BÁSICA A PERSOAS SEN RECURSOS DO ANO 2021 DA COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO, por unha contía de 6.000 euros.

9. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021697C.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a COCIÑA ECONÓMICA DE SANTIAGO para o PROGRAMA PARA GARANTIR AS NECESIDADES DE MANUTENCIÓN BÁSICA A PERSOAS SEN RECURSOS DO ANO 2021.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de- para o programa: “MANTEMENTO DOS SERVIZOS DO ALBERGUE XOAN XXIII DO ANO 2021, por unha contía de 60.000 €.

10. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00019245Y.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago para o programa: “MANTEMENTO DOS SERVIZOS DO ALBERGUE XOAN XXIII” para o ano 2021.

Dase conta á Xunta de Goberno Local da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de- para o programa: “MANTEMENTO DOS SERVIZOS DO ALBERGUE XOAN XXIII DO ANO 2021, por unha contía de 60.000 euros.

11. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00019246F.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo- para o programa: “COCAÍNA” do ano 2021.

Dase conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO- para o programa: “Cocaína” ano 2021, por unha contía de 45.000 euros.

12. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00024663L.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P - para o programa: “ACTIVIDADES OCIO E TEMPO LIBRE VERÁN CAMPUSC 2021”.

Dase conta a Xunta de Goberno Local da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade Santiago de Compostela para o programa: “ACTIVIDADES OCIO E TEMPO LIBRE VERÁN CAMPUSC 2021”, por unha contía de 9.000 euros.

13. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00024621T.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o programa: “ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o programa: “ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO, por unha contía de 11.000 euros.

14.- Dación de conta da sentenza recaída no procedemento AP 4027/2021 TSXG do PO 273/2019 CA2.

Dase conta da sentenza nº 375/2021

Obxecto: orde de cese de actividade de ximnasio en tanto non sexan legalizadas as obras executadas na entrada do mesmo sen título habilitante.

A sentenza, confirmatoria da ditada en instancia, é favorable para o Concello, recorrible en casación.

O interesado executou obras sen título, na entrada do ximnasio, sendo denunciado polos veciños. Requirido para a legalización das obras, manifesta a súa vontade para ilo pero non presenta a documentación para o efecto, polo que ordénase a suspensión da actividade en tanto as obras non sexan legalizadas. Ademais, sostén que todas as comunicacións municipais foron co outro socio, co que mantén disputa.

Tanto en instancia como en apelación, as sentenzas rexeitan a actuación do interesado, que non foi quen de presentar a documentación requirida. Pola outra banda, rexeitan tamén as cuestións formais presentadas, xa que a administración do negocio era mancomunada.

Acórdase: tomar coñecemento da sentenza, agardar pola súa firmeza, e en caso de recurso, formalizar oposición ao mesmo; e remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

15.- Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 447/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 247/2021

Obxecto: desestimación da solicitude de percepción das retribucións íntegras como funcionario en prácticas.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante viña de solicitar a percepción das retribucións íntegras, e non só as básicas, durante o período comprendido entre o 19 de marzo e o 31 de marzo de 2020, formalmente en prácticas, ao entender que durante ese tempo desempeñou a totalidade do posto de traballo.

A partir da proba testemuñal practicada –un bombeiro e o xefe do servizo- o xulgado chega á conclusión que durante o período controvertido o demandante desenvolveu as funcións propias do posto, sen diferenciación substancial do persoal funcionario de carreira.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza, e remítela ao Servizo de Persoal para a súa execución.

16.- Dación de conta da sentenza recaída no procedemento AP 4034/2021 TSXG do PO 189/2018 CA2.

Dase conta da sentenza nº 395/2021

Obxecto: ineficacia de comunicación previa para obras menores, incumprimento do requirimento para legalizar as obras e conseguinte orde de derruba.

A sentenza, confirmatoria da ditada en instancia, é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A interesada executou obras de rehabilitación no baixo e primeiro andar dun inmovible situado na ribeira do río Sar. A resultas da visita da policía urbanística, nun primeiro momento a interesada presentou comunicación previa de obras menores, que non foi admitida porque na memoria recollíase unha actuación sobre o forxado do primeiro andar, precisando para ilo licenza. Presentada solicitude desta, o Concello informe que o seu outorgamento está condicionado pola cesión do espazo controvertido –no caso de resultar privado-, no que ademais foron instaladas unhas tobeiras, que estarían así fóra de ordenación.

A interesada deixa caducar o expediente de licenza, co argumento de que xa non executará a actuación do forxado; e presenta unha nova comunicación previa para legalizar o executado, que non fai mención a unha escavación de 25 cm no baixo. A comunicación previa inicialmente é informada de forma favorable; pero comprobada a realidade das obras, declárase a ineficacia daquela, requirindo a legalización por licenza –que á vista do anterior non é solicitada-; ao non ser atendido, ordénase a derruba.

En xuízo, a demandante afirmou que a actuación sobre o forxado foi desbotada por razóns económicas, aínda que o seu propio arquitecto –o redactor do proxecto-, recoñeceu que foi para evitar a cesión. Tamén declarou que calquera escavación en espazo situado no Plan Especial da cidade histórica precisa estudo arqueolóxico, polo que o título para estas obras ten que ser, necesariamente, unha licenza. Pola súa parte, o segundo arquitecto declarou que non houbo obras no forzado nin no primeiro andar, e que a escavación non tiña relevancia suficiente para esixir dito estudo. O xulgado desestimou a demanda porque o PE non establece mínimo exento, polo que o estudo e a licenza eran preceptivos.

O TSX confirma o criterio do xulgado, e engade ademais que todas as actuacións executadas deben quedar reflectidas nun único título habilitante, xa que a demandante pretendía que a comunicación amparase todas as obras, agás á relativa ao solo, que quedaría como feitos consumados, sen poder determinarse que podería haber nel, como así manifestou a arqueóloga municipal.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza; agardar pola súa firmeza e en caso de recurso, formalizar oposición ao mesmo; e remitila ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036667V.

Dación de conta de sentenza recaída no PO 076/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 268/2021

Obxecto: liquidación da 1ª cota de urbanización Sunp-37.3 Costa Vella, contía 49.085,76 euros; e de forma indirecta o Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 37-3.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Non obstante os motivos de impugnación alegados polo demandante, o xulgado non entra no fondo da cuestión xa que, estimando as teses municipais, considera a liquidación coma un ingreso de dereito público, para cuxa impugnación na vía contenciosa é necesario esgotar primeiro a vía administrativa a través do recurso de reposición previsto na lei de facendas locais. O interesado tiña presentado este recurso, pero desistiu do mesmo; polo que non esgotando a vía previa, o recurso contencioso máis que desestimado foi, en puridade, non admitido. E ao non estimar neste punto a demanda, xa non analiza a segunda cuestión (impugnación indirecta do plan).

Acórdase tomar coñecemento da sentenza; agardar pola súa firmeza e, en caso de recurso, formalizar oposición ao mesmo; e remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036664Z.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 446/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 228/2021

Obxecto: desestimación da solicitude de percepción das retribucións íntegras como funcionario en prácticas.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante viña de solicitar a percepción das retribucións íntegras, e non só as básicas, durante o período comprendido entre o 19 de marzo e o 31 de marzo de 2020, formalmente en prácticas, ao entender que durante ese tempo desempeñou a totalidade do posto de traballo. A partir da proba testemuñal practicada –un bombeiro e o xefe do servizo- o xulgado chega á conclusión que durante o período controvertido o demandante desenvolveu as funcións propias do citado posto de traballo, sen diferenciación substancial do persoal funcionario de carreira.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza e remitila ao Servizo de Persoal para a súa execución.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036681P.

Dación da conta de sentenza recaída no procedemento PO 160/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 265/2021

Demandante: AUTOBUSES URBANOS DE LUGO SA TRAP SA UTE

Obxecto: Acordo XGL 24.02.2020 sobre liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros anualidade 2016. Contía: 287.267,95 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

A demandante impugnou o Acordo pola aplicación da cláusula 32 sobre compromiso de viaxeiros do contrato, ao entender que unha vez transcorrido o prazo de 10 anos do contrato, a citada cláusula non resultaba de aplicación no suposto de prórroga.

O xulgado remítese ás resolucións que xa existen sobre o exercicio 2017 (orde de continuidade):

“Como reconoce la parte actora, y advierte la Administración demandada, por este Juzgado se ha dictado en fecha 25 de enero de 2021 sentencia en el procedimiento ordinario nº 161/2020, relativo a la liquidación de la liquidación por la prestación del servicio de transporte colectivo urbano de viajeros de la anualidad de 2017, sentencia que desestimó el recurso interpuesto por la recurrente, siendo confirmada dicha sentencia en apelación por la sentencia nº 218/2021 de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, de fecha 21 de mayo de 2021.”

Do mesmo xeito que nese PO 161, no PO 160 a demandante sostíña que o compromiso de viaxeiros non era esixible; opinión rebatida polo xulgado:

1. Porque a prórroga debe executarse nos mesmos termos que o contrato prorrogado, no que existe dito compromiso.

2. O Concello non modificou o contrato senón que, como afirmou o TSX *“si hay compromiso de viajeros ofertado en el contrato de 15/02/2016 lo hay mientras el contrato dure- la prórroga es la continuación del contrato, la continuación del servicio-;”*

3. A cláusula 5.3 do PCAP esixe que na solicitude de prórroga o concesionario actualice dito compromiso. Ao non aportar ese dato, o Concello aplicou correctamente o incremento previsto para o último ano do contrato.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza, dar traslado da mesma á Dirección de servizos para o seu coñecemento, e agardar pola súa firmeza. En caso de formularse recurso de apelación, presentar oposición ao mesmo.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036596S.

Dación de conta de sentenza recaída no PO 302/2020 CA2.

Dase conta da Sentenza de 7.05.2021 (firmeza de 7.07.2021)

Obxecto. Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica de 6.02.2020, desestimatorio do recurso de reposición interposto contra o Decreto de 27.02.2014, polo que se ordenaba o peche dun taller mecánico.

A sentenza é favorable para os intereses municipais ao confirmar a orde de peche do taller, que non conta coa preceptiva licenza de actividade.

O maxistrado asume as argumentacións expostas na contestación a demanda ao considerar, por unha banda, que o Decreto de 27.02.2014 era firme ao non terse recorrido no prazo correspondente; e por outra, que a licenza de actividade de taller non podía entenderse concedida por silencio administrativo en aplicación do artigo 33.4 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP), o cal esixía o pronunciamento da Comisión Provincial de Servizos Técnicos. Ademais, recoñece que o propio recorrente tratou de legalizar a dita situación presentando unha solicitude de licenza cuxo procedemento caducou (Decreto de 22.05.2018).

Acórdase tomar coñecemento da sentenza e remítilla ao Departamento de Urbanismo para os efectos oportunos

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036572Z.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 318/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 246/2021

Obxecto: desestimación da solicitude de percepción das retribucións íntegras como funcionario en prácticas.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante viña de solicitar a percepción das retribucións íntegras, e non só as básicas, durante o período comprendido entre o 19 de marzo e o 31 de marzo de 2020, formalmente en prácticas, ao entender que durante ese tempo desempeñou a totalidade do posto de traballo. A partir da proba testemuñal practicada –un bombeiro e o xefe do servizo- o xulgado chega á conclusión que durante o período controvertido o demandante desenvolveu as funcións propias do citado posto de traballo, sen diferenciación substancial do persoal funcionario de carreira.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza e remítilla ao Servizo de Persoal para a súa execución.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036558T.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 122/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 225/2021

Obxecto: decretos polos que se declara ilegal o uso como vivenda dun espazo traseiro no nº 64 da Rúa Espírito Santo.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

Sen entrar no fondo do asunto, o xulgado estima o recurso interposto ao entender que o procedemento de reposición da legalidade tiña caducado, porque a resolución pola que foi suspendido o cómputo do prazo para resolver e notificar carecía da motivación suficiente. Xa que logo, o faio no prexulga a cuestión nuclear, que segue sendo o uso indebido como vivenda do espazo traseiro do inmovible.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza; e remítilla ao Servizo de Licenzas a Disciplina para a súa execución.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036543P.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 224/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 255/2021

Obxecto: resolución de desistencia do CON/7/2018 para a xestión da Escola Municipal de Música.

Sentenza favorable, recorrible en apelación, pois desestima o recurso de ESPROADE, SL contra o acordo da XGL polo que se desistiu de continuar co procedemento para a adxudicación do contrato de xestión da Escola de Música. A sentenza, con ser favorable, razoa que o concello non pode determinar o convenio colectivo de aplicación, para os efectos de subrogación, na licitación dos contratos. A sentenza pode apelarse. Acórdase tomar coñecemento da sentenza; agardar pola súa firmeza e, en caso de apelación, formular oposición á mesma; e remítilla ao Servizo de Educación para o seu coñecemento.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00035819C.

Dación de conta de resolución xudicial recaída no PO 134/2021 CA2.

Dase conta da resolución: Auto do 5 de xullo de 2021. Procedemento: PO 134/2021

Obxecto: recórrense as seguintes resolucións ditadas no expediente TRE/180/2019:

Auto polo que se arquiva o procedemento no que se impugnaba a esixibilidade da taxa por licenza de obra para construción dun hotel na rúa Gómez Ulla (LAP/585/2019) por causa de estar suspendida a licenza. Ao levantarse a suspensión da licenza a taxa é esixible e o procedemento xudicial perde o seu sentido.

O Auto é firme en virtude da Dilixencia de Ordenación de 21 de xullo de 2021, polo que non cabe recurso ningún.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza, e remítilla ao Departamento de Tesourería para os efectos que procedan.

25. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00036493G.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 23 ao 29 de xullo de 2021.

URXENCIAS

26. Licenza de obra maior e demolición. 2021/00036261W

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **SIONLLA BIOTECH, S.L.**, licenza de **OBRAS DE CONSTRUCCION DO CENTRO DE SERVIZOS INNOVADORES** para empresas biotecnolóxicas (CSIEB) segundo Proxecto Básico con entrada no rexistro do Concello en data 27.07.2021, na parcela propiedade municipal incluída na Fase I de desenvolvemento da parcela EQ-2a do Parque empresarial de A Sionlla denominada CSIEB sobre a que se constituíu un dereito de concesión a favor da entidade solicitante por un prazo de 25 anos cos seguintes parámetros:

Clasificación e categorización. Solo urbano Categoría consolidado

Cualificación. Ordenanza 5 Equipamento Comunitario. EQ2.

Finalidade da actuación. Nova construción

Finalidade de Uso Uso Global. Dotacional. Tipoloxía/Clase. Equipamento

Altura ou volumen permitido. Edificabilidade 2.927,92m²c (Ordenanza 3.000m). Altura 9,00m (Ordenanza 12,00m).

Ocupación/Fondo máximo. Ocupación 2.438,59,00 (Ordenanza Ámbito Area movemento)

Orzamento Execución Material. **3.939.229,51 €**

Situación e localización. Rúa de Murcia 3, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Promotor. SIONLLA BIOTECH SL

Prazos para inicio e remate das obras. Seis meses de prazo para o inicio. Seis meses de prazo máximo de interrupción das obras. Tres anos de prazo para terminación.

Posibilidade de prórroga. Mediante solicitude expresa sempre que:

-a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

-non se produza a declaración de caducidade da licenza.

As obras so poderán iniciarse cando se presente Proxecto de execución visado que seña autorizado.

De non presentarse proxecto de execución no prazo de 6 meses, salvo causa xustificada que deberá fundamentar o solicitante, iniciaranse procedemento de declaración de caducidade da licenza de obras concedida.

27. P2 - Preparación, xestión e adxudicación do contrato "Execución do proxecto "Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da igrexa de San Andrés de Barciela ata cruce de Candelabeira" (POS+Adicional 2/2020)". 2021/00033324D

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Execución do proxecto "Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da igrexa de San Andrés de Barciela ata cruce de Candelabeira" (POS+Adicional 2/2020) e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, establecéndose un tipo de licitación de **260.000** euros (214.876,03 euros IVE aparte. O IVE

Correspondente, 21% da cantidade anterior, ascende a 45.123,97 euros).

Segundo: Aprobar o gasto preciso para o financiamento deste contrato con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2 PPROV 35 5.

28. CON/42/2020 Servizo de lacería para a recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes, de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente denominado "Servizo de lacería para a recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes, de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, establecéndose un tipo de licitación de **67.804,77 euros** (56.037 euros IVE aparte. O IVE correspondente, 21% da cantidade anterior, ascende a 11.767,77 euros).

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

Segundo. Aprobar o gasto preciso para o financiamento deste contrato con con cargo á aplicación orzamentaria 090 31101 2270000 reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 39.552,78 euros.

Anualidade 2022: 28.251,99 euros.

29. Convenios (FP). 2021/00033597Y

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concorrencia para a selección da entidade colaboradora para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela.

Segundo.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela.

Terceiro.- Aprobación do gasto de **38.115 euros** en concepto de compensación económica á entidade colaboradora seleccionada que se sufragará con cargo á aplicación 010 43100 2269900.

Cuarto.- Aprobación do gasto de **600.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890101 dos orzamentos municipais para o ano 2021, que deberán ser librados a disposición da entidade colaboradora seleccionada, con carácter previo ao comezo da campaña o día 10 de setembro de 2021.

30. Programación de actividades en centros cívicos. 2021/00036382P

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA, S.L., segundo se reflicte na factura F/2021/2500, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269900 que figura na acta de conformidade da factura, por un importe total de 3.121,80 euros.

31. Estudo de detalle para a dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na Praza de Ulteira. 2021/00024138T.

Primeiro.

Acórdase aprobar inicialmente o *Estudo de detalle para a dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na Praza de Ulteira*, formulado de oficio polo Concello de Santiago, elaborado polo arquitecto Juan Pinto Tasende.

Como condición para a apertura do trámite de información pública, achegarase un plano no que figuren claramente identificados, sobre o parcelario catastral, os terreos públicos e privados de necesaria ocupación para executar as actuacións propostas.

O Estudo de detalle contén a delimitación espacial do ámbito da actuación, para os efectos do disposto polos artigos 24 e 42.3 do RD lexislativo 7/2015 e 13.2 da Lei 1/2019 *de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, que habilitan a ocupación do dominio público e a expropiación dos terreos privados necesarios para realizar as actuacións propostas.

Ao abeiro do disposto polo artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as actuacións dirixidas á mellora das condicións de accesibilidade e da eficiencia enerxética previstas no Estudo de detalle non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo

edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación individual aos titulares catastrais das parcelas afectadas.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.